

GAÑADOR na categoría de PRIMARIA

GUILLERMO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

CEP Sequelo, Marín

A VIDA É SOÑO

Dun tempo a esta parte, dos meus libros andan a saír os personaxes. O meu amigo Gabriel dixo que vira saír a Xerónimo Stilton. Eu non o cría porque esa personaxe non é unha persoa e eu só vira saír xente, de carne e óso, xente que nos libros estaba en fotos. A iso xa estaba afeito e ata o vía normal.

O meu amigo Pedro viu a Greg, que é ese que ten un diario. Coido que Pedro mente, porque miña irmá Lauriña, que nunca mente, non viu ningún personaxe que saíse deles. O curioso é que unhas cantas persoas tamén entraban.

Coido que o que pasaba nos libros tiña que ver co título. Eu entrei nun de comer xeados e como non me gustan, cambieille o título e puxen espaguetes. Aquilo era o paraíso dos espaguetes!

Sen decatarme entrei nun libro de medo e cando un morcego ía comerme, botaba a correr saltando armarios, sofás e ata algúin biombo que se me meteu no medio. No meu camiño topei unha cama flotando sobre a miña cabeza, peguei un chimpó e acocheime baixo as mantas.

Espertei... Vestinme, almorcei, collín a miña mochila e fun visitar os meus amigos Pedro e Gabriel. Todo fora un soño... Ou ao mellor non, porque ao pasar por diante dun escaparate, vinme rodeado de moita, moita xente. Eu levaba un xersei branco con raias vermellas e na cara levaba unhas lentes redondas e na cabeza un gorro. Entre tanta xente case non se me vía e ao outro lado do escaparate había alguén que me buscaba, sinalando co dedo.